

EXAMES OPE SERGAS

INFORMACIÓN DE INTERESE

Con respecto aos **exames OPE** previstos para este mes de abril e maio no “Recinto da Feira Internacional de Galicia” en Silleda, informamos que na páxina web do SERGAS xa está dispoñible a seguinte información:

- **Listaxe de admitidos tras a resolución dos recursos.**
- **Portas de chamamento e relación de aspirantes.**
- **Adaptacións autorizadas.**
- **Mapas de acceso e plano do recinto de exame.**

Xa se pode descargar en FIDES o código QR necesario para acreditarse nos controis de acceso. Podédelo atopar no apartado de **procesos** → **inscripción OPE**.

Lembramos que:

- As persoas aspirantes deben situarse na porta de acceso que lles corresponda á hora indicada.
- Deben levar o seu **DNI** ou documento identificativo, xunto co **código QR** impreso.
- Non estará permitida a entrada con auriculares, aparellos de telefonía móbil ou dispositivos electrónicos non autorizados. Non haberá servizo de recollida destes dispositivos.
- O **certificado de asistencia** ás probas estará dispoñible en FIDES a partir do día seguinte ao da realización dos exercicios.
- Haberá sala de lactación materna fóra do recinto. As aspirantes que precisen realizala **durante os tempos dos exames** deberán solicitalo ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos enviando un correo electrónico a: oposicions@sergas.es

Para máis información, acode á túa sección sindical de CC OO

15 de abril do 2026